



Concello de Gondomar

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
420/2018	Xunta de Goberno Local

**Pablo Portela Fernandez, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 3 de agosto de 2018 adoptouse o seguinte acordo en votación ordinaria por unanimidade dos membros presentes:

Expediente 420/2018. PLAN MOBILIDADE

 **FORME-PROPOSTA DE ACORDO.**

EXP.- 420/18.

ASUNTO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE SUSTENTABLE DO CONCELLO DE GONDOMAR.

ANTECEDENTES,

1.- Con data 13.2.2018 o arquitecto municipal emite informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo referenciado no asunto de cabeceira.

2.- Con data 11.6.2018 o arquitecto municipal xustifica a improcedencia da división do contrato en lotes.

3.- O 18.6.2018 completada por outra do 25.6.2018, consta providencia da alcaldía emitida á vista dos informes do arquitecto municipal expostos con anterioridade, dispoñendo o inicio do expediente de contratación do servizo de redacción do plan de mobilidade sustentable para o Concello de Gondomar.

4.- Constan no expediente o prego de prescricións técnicas particulares -coincidente co Anexo I das bases reguladoras da subvención-, e de cláusulas administrativas particulares asinado polo Sr. Alcalde o 1.8.2018.

5.- Con data 1.8.2018 incorporase pola intervención xeral ao expediente o

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

documento contable RC nº6302.

6.- Consta fiscalización favorabñe da intervención xeral de data 2.8.2016.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS,

Tendo en conta a normativa de aplicación.-

Primeira.- Constan no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas as circunstancias fácticas de toda índole reguladoras do obxecto do contrato

Segunda.- Trátase dun contrato administrativo de servizos definido nos artigos 17 e 26 da Lei 3/2017, do 9 de setembro, de contratos do sector público (LCSP), por debaixo do umbral da regulación harmonizada e cuxa regulación de maneira exhaustiva en canto ao seu réxime como contrato de servizos está contida nos artigos 308 a 313, ambos da norma citada.

Terceira.- A tramitación proposta axústase ao establecido no art. 159 da LCSP.

En función do que se propón todos os prazos licitatorios e posteriores á adxudicación desenvolveranse en toda a súa extensión.

Cuarta.- O procedemento que se propón é o aberto, na modalidade de simplificado, por ser o valor estimado inferior a 100.000.-€ (art. 159 da LCSP).

En canto aos criterios que servirán de base para a adxudicación, optouse por varios criterios en función do disposto nos artigos 131, 145.3.g) e 159.1.b) da LCSP.

Quinta.- O órgano de contratación no Concello de Gondomar é a Xunta de Goberno Local.

Por canto antecede, elévase ao órgano de contratación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO.-

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na contratación do do servizo de Redación do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Gondomar, a medio de procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a utilización de varios criterios de adxudicación, cun prazo máximo de duración ata o 1.4.2019 e un valor estimado de 22.038,00.-€, así como, o gasto que delo se derive que poderá ser contabilizado con cargo á aplicación orzamentaria 131/22706 do vixente orzamento xeral do Concello de Gondomar.

Segundo.- Iniciar o procedemento de licitación aberto simplificado e dar

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

publicidade ao mesmo no perfil do contratante do Concello de Gondomar, de conformidade cos arts. 63, 117 e 135 da LCSP.

GONDOMAR,
O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.^o e prace do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Concello de Gondomar

expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875